

EXpte: 19L/2015 E.L. OBRA DE: "MELLORA DA CALIDADE E IMAXE DO MERCADO MUNICIPAL DE SANXENXO."

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta de adxudicación do expediente de contratación da obra sinalada no encabezamento da presente resolución, do concelleiro de desenvolvemento económico, emprego e facenda de data 07/09/2015, que a continuación se transcribe:

"ASUNTO: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN"

A vista da proposta desta concellería de incoación do expediente de contratación das obras de referencia, de data 21/08/2015, que de xeito literal di:

ASUNTO: PROPOSTA INCOACIÓN DO EXPTE DE CONTRATACIÓN

Concedida a subvención para a execución destas obras, por Resolución do Conselleiro de Economía e Industria de data 21 de xullo de 2015.

Aprobado o proxecto técnico das obras de referencia, por Resolución da alcaldía deste concello, o día 30 de xullo de 2015.

Retido o crédito presupuestario, preciso para o finanzamento das obras de referencia, nas partidas 45301 / 21000 de acordo ao documento "RC" asinado polo Interventor xeral o 20 de febreiro de 2015.

En base ao anterior, **propón**:

Primeiro: Incoar expediente de contratación das obras de "**MELLORA DA CALIDADE E IMAXE DO MERCADO MUNICIPAL DE SANXENXO**", cun orzamento de execución por contrata de **vinte e un mil cincuenta e nove euros con once céntimos (21.059,11 €)** e cun prazo de execución de trinta (30) días.

Segundo: Solicitar á empresa **SARCOEX, S.L** oferta respecto a execución desta obra e a presentación da documentación necesaria."""""

Presentada no Rregistro Xeral do Concello de Sanxenxo, en data 31/08/2015 (entrada nº 8931), a documentación requerida á empresa "**SARCOEX, SL**", **esta concellería propón**:

Adxudicar a execución das obras de "**MELLORA DA CALIDADE E IMAXE DO MERCADO MUNICIPAL DE SANXENXO**" á empresa "**SARCOEX, SL**" de acordo á oferta presentada, polo importe de **VINTE E UN MIL CINCuenta E NOVE CON ONCE (21.059,11) EUROS** (con IVE)."""""""

Esta alcaldía, resolve:

Primeiro: *Adxudicar a execución das obras de "MELLORA DA CALIDADE E IMAXE DO MERCADO MUNICIPAL DE SANXENXO" á empresa "SARCOEX" de acordo á oferta*
Av. Consistorio, 4-6 36980 Sanxenxo (Pontevedra) Tel.: 986 720 075 Fax: 986 721 022 www.sanxenxo.es

presentada, polo importe de VINTE E UN MIL CINCUENTA E NOVE CON ONCE (21.059,11) EUROS (con IVE).

Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 45301/21000 por un importe de 21.059,11 Euros (con IVE).

Terceiro: *No prazo máximo de cinco (5) días hábiles* a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, *formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo*, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ao ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adjudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta alcaldía aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

Cuarto: Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quince (15) días naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarse, se procede, pola Alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presencia do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

Dada en Sanxenxo a oito de setembro de douce mil quince.

O alcalde
Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario accidental
Luis Ángel Sabariz Rolán